

## Proxecto Documental Integrado

### “ALÉN DO AZUL”

Curso 2021/2022



*“Se tivéssemos que resumir en imaxes a vida submarina da ría, unha delas sería a das alfombras que forman decenas de anémonas, bailando sobre as rochas coa corrente, axitando os seus brazos compasadamente, coma se fosen o público entregado dun concerto de música”.*

*Alén do azul. Sara Carrasco e Silvia Iglesias. Catroventos Editora.*

### Proposta da Biblioteca da Escola para Educación Infantil, Primaria e Secundaria



O PDI que imos desenvolver durante este curso 2021-2022 leva por título “Alén do azul”, baseado no libro do mesmo título escrito e ilustrado por Silvia Iglesias e Sara Carrasco, respectivamente. Este proxecto parte da biblioteca escolar e involucra a todos os niveis educativos e departamentos das diversas materias, sendo obxecto de estudo e investigación o coidado e respecto da auga na natureza, os lugares onde se atopa naturalmente e as diversas formas que presenta.

### Obxectivos do proxecto

- Conseguir que o alumnado valore e respecte as augas do planeta e a súa biodiversidade.
- Coñecer as características da auga e as infraestruturas hidráulicas e os servizos relacionados con ela: plantas potabilizadoras, redes de saneamento...
- Descubrir a relación entre os diferentes seres vivos que nela viven.

- Valorar a súa influencia e aporte na agricultura, zooloxía, botánica, medicina, economía, industria, gastronomía, historia, literatura...
- Contribuír ao desenvolvemento das competencias básicas a través dun centro de interese tan motivador como a auga que rodea ao alumnado nas súas diferentes formas.
- Fomentar a curiosidade pola nosa contorna (fontes, muíños, lavadoiros, presas, regatos...).
- Comprender a necesidade de manter condutas sostibles: aforro de auga, ser consciente do impacto da produción téxtil na contaminación das augas do planeta...
- Comprender os diferentes contextos do dereito humano a auga e o grao de cumprimento deste dereito nos diferentes lugares do mundo.
- Comprender os aspectos socioculturais e espirituais da auga.
- Coñecer e desfrutar as múltiples actividades deportivas e recreativas que se poden realizar no medio acuático.

## Metodoloxía

Cada titor/a en colaboración co profesorado que incide no seu curso escollerá un contido relacionado co PDI a investigar co alumnado. Converteranse nun grupo experto que ao remate do proxecto presentará os resultados do seu traballo ao resto da comunidade educativa. Facilitarase unha táboa na que se anotará o tema escollido por cada curso.

O traballo organizarase seguindo unhas **pautas metodolóxicas básicas**, tales como:

- Utilización do xogo como principio metodolóxico básico, xa que os nenos/as aprenden xogando e xogan aprendendo.
- Experimentación.
- Prácticas favorecedoras do coidado ambiental.
- Fomentar o traballo colaborativo.

- O traballo relacionado coa natureza como elemento motivador para favorecer o traballo do alumnado con máis dificultades.
- Entender a educación ambiental como unha maneira de educar, que debe ir implícita en todas as actuacións que se leven a cabo no centro.

## Contidos

- A flora e fauna que habita na auga doce e salgada, en especial a próxima á escola.
- Usos da auga en todas as súas formas.
- Encoros, presas de regadío, sistemas de irrigación, acuedutos, lavadoiros públicos, estacións depuradoras,...
- Fontes, regatos, ríos, praias, mares, océanos...
- Inventos (muíño, inodoro, billa, máquina de vapor...), enerxía hidráulica e tecnoloxía mariña (batiscafo, submarino...).
- Toma de conciencia dos problemas ambientais: cambio climático, derretemento dos polos, seca e escaseza das augas, consumo abusivo, perigo de extinción das especies, contaminación dos mares e ríos...
- Seres fantásticos e mitolóxicos: sereas, ninfas, hipocampos...
- Léxico, toponimia, fraseoloxía, refraneiro, literatura popular ou crenzas relacionadas coa auga.
- Experimentos científicos con auga.
- Deportes acuáticos.



## Temporalización e suxestións de actividades para as distintas fases do proxecto.

O Proxecto desenvolverase ao longo de todo o curso escolar 2021-2022 seguindo as **fases** que a continuación se detallan:

**A primeira fase**, durante o 1º trimestre, dedicarase á presentación e motivación, e ao inicio das investigacións necesarias para realizar o posterior traballo.

Na **segunda fase**, que ocupará o 2º trimestre, desenvolverase o proxecto aprofundando e realizando as diferentes actividades suxeridas no apartado de desenvolvemento do proxecto.

A **terceira fase** ou fase de divulgación desenvolverase ao longo do terceiro trimestre. Tratarase de promover unha actitude crítica e sensible cara a conservación do medio acuático e o desenvolvemento sostible, a través de diferentes actividades como o estudo das normas e comportamento no medio natural. Os resultados das investigacións daranse a coñecer a toda a comunidade educativa.

### 1ª Fase: Presentación e motivación

- Reunión co profesorado para dar a coñecer as liñas xerais do proxecto.
- O profesorado titor explicará nas clases o proxecto.
- Partir das ideas previas do alumnado.
- Sensibilización cos problemas da auga aos que se enfronta o planeta.
- Chuvia de ideas sobre esta temática nas clases.
- Lectura de contos, lendas, mitos, poemas, fragmentos de novelas ou de textos divulgativos...
- Visionado dalgunha película ou documental: *Rango*, *La fuente de las mujeres*, *El niño que domó al viento*, *También la lluvia*, *Erin Brockovich*, *La sed del mundo*, *El padre del viento*...

## 2ª Fase: Desenvolvemento do proxecto

- Procura de novas ambientais nos xornais tanto de carácter global como local.
- Realización de murais físicos ou dixitais.
- Recollida de vocabulario propio da auga. Toponimia. Refraneiro. Lendas. Creación de libros escolma.
- Lectura e creación de poemas relacionados coa auga.
- A reciclaxe e a reutilización de materiais.
- Investigación e estudo sobre o ciclo da auga.
- Recollida de receitas realizadas con auga: xeados, auga de roseira, auga de limón e menta, ovo pasado por auga...
- Elaboración de manualidades diversas con botellas de auga, cunchas, materiais atopados na area das praias...
- Importancia da auga na horta escolar.
- O regato que rodea a nosa escola (fases da metamorfose da rá, píntegas, vexetación...).
- Patrullas verdes: campaña de concienciación para que o alumnado non tire lixo na charca nin no regato da escola, participación no Proxecto Ríos, etc.
- Saídas pola contorna do colexio: encoros, presas, muíños de maquinas, praias, estacións depuradoras de auga residuais, ETAPs... para que o alumnado coñeza diferentes medios acuáticos.
- Charlas de regatistas, biólogos/as, mergulladores/as, mariñeiros/as, pescadores/as de costa e de río, muiñeiros, persoal das comunidades de augas, enxeñeiros/as de canles e portos...
- Investigación sobre as diferentes especies que habitan na auga doce e salgada.
- Realización de experimentos científicos con auga.

## Festas e conmemoracións

- Día Internacional das Bibliotecas. Presentación oficial do PDI.
- Samaín/Halloween: Redacción de contos de medo ambientados nos lagos, ríos e océanos.
- Sesións de porfillamento lector.
- Magosto nos arredores do encoro de Zamáns (parque forestal).
- Día da Paz: Traballar a figura de **Berta Isabel Cáceres Flores** (4 de marzo de 1971 - La Esperanza, 2 de marzo de 2016), líder indíxena lenca, feminista e activista do medio ambiente hondureña. Destacou polo seu activismo en defensa da natureza, sendo especialmente mediática a súa actividade en contra da privatización dos ríos e en contra dos proxectos de presas hidroeléctricas de inversores internacionais, sobre todo a súa loita contra o proxecto da presa de Agua Zarca no río Gualcarque no departamento de Santa Bárbara.
- Celebración do Entroido ambientado coa temática da auga. Confeccionar disfraces de polbo, buguinas, nenúfares, peixes, sereas...
- 8 de marzo, conmemoración do Día Internacional da Muller: redeiras, mariscadoras, peixeiras...
- 22 de marzo, celebración do Día da Auga. Pódese facer conxunta co Día da Poesía, 21 de marzo.
- Semana Andersen: a ilustración. O punto de partida será o libro *Alén do azul* xunto con outros como *Wave* de Suzy Lee.
- Semana das Letras Galegas: Florencio Delgado Gurriarán.
- Fin de curso: festa sostible da auga.

### 3ª Fase: Divulgación do proxecto

A través de:

- Exposicións orais.
- Presentacións.
- Vídeos.
- Xogos.
- Exposicións de murais, manualidades ...
- Gravacións.
- Podcasts.
- Obras de teatro.
- Creacións literarias...
- Charlas.
- Obradoiros.

#### Materials e recursos

- Ordenadores para buscar información.
- Material funxible.
- Libros sobre mares, océanos, ríos, lagos, animais, plantas...
- Recursos en liña.
- Vídeos.
- Material aportado por toda a comunidade educativa.
- Todo o que nos ofrece a contorna da escola.

## Bibliografía

- *Alén do azul*. Sara Carrasco e Silvia Iglesias. Catroventos Editora.
- *Un mar de plásticos*. Kirsti Blom. Ed. Takatuka.
- *O libro dos océanos*. Esther Gonstalla. Catro Ventos Editora.
- *Peixes do mar de Galicia*. Xavier Vázquez. Ed. Xerais.
- *Guía de balnearios e fontes de Galicia*. Tomás Ares Güimil. Ed. Galaxia.
- *A proba de auga*. Anémona de Río. Ed. Xerais.
- *La memoria del agua*. Emmi Itäranta. Ediciones B.
- *Palabras de auga*. Marcos Calveiro. Ed. Xerais.
- *João*. Paloma González. Ed. Edelvives.
- *O galeón das illas Cíes*. Josep Lorman. Ed. Galaxia.
- *El mar*. Patricia García-Rojo. Ed. SM.
- *Ameaza na Antártida*. Ramón Caride. Ed. Xerais.
- *Poemar o mar*. Antonio García Teijeiro. Ed. Xerais.
- *Bajo el agua*. Carles Porta. Ed SM.
- *Los niños del agua*. Charles Kingsley. Ed. Obelisco.
- *O home de auga*. Ivo Rosati. Ed. Kalandraka.
- *Lota, la cachalota*. Roser Rimbau. Ed. Takatuka.
- *El secreto de la roca negra*. Joe Todd-Stanton. Ed. SM.
- *Cuando desapareció el mar*. Francisco Sánchez. Ed. Juventud.



*“A biodiversidade é a variedade de organismos vivos que existen nun espazo determinado. É o resultado dunha evolución histórica ao longo de millóns de anos até chegar aos ecosistemas actuais...”*

*Alén do azul. Sara Carrasco e Silvia Iglesias. Catroventos Editora.*

